


As publicacións científicas da Universidade de Vigo en cifras

O persoal investigador da Universidade de Vigo publica cada ano centos de artigos científicos, capítulos de libros, monografía, comunicacións... Resumimos aquí os datos máis relevantes das **publicacións de 2017** recollidas en Web of Science e Scopus, e a evolución das publicacións nos últimos 10 anos.

<p>1359 documentos en WOS</p> <p>1535 documentos en Scopus</p>	<p>O número de documentos descende lixeiramente na Web of Science mentres aumenta en Scopus con respecto a 2016. A tendencia xeral dos últimos 10 anos continúa á alza nas dúas bases de datos.</p>
<p>73% documentos en revistas JCR</p>	<p>Máis do 73% dos documentos recollidos en WOS están publicados en revistas con factor de impacto. Deles, máis do 53% están publicados en revistas do primeiro cuartil (Q1) da súa categoría.</p>
<p>1.02 Impacto normalizado</p>	<p>Os documentos asinados por membros da Universidade de Vigo en 2017 acadan en WOS un impacto normalizado (CNCI) de 1.02, isto é, acadaron un 2% de citas por riba da media global do seu ámbito temático.</p>
<p>48% Colaboración internacional</p>	<p>Case o 48% dos documentos recollidos en WOS foron publicados xunto a persoas que traballan en institucións de outros países, cun aumento constante nos últimos 10 anos.</p>
<p>23% Acceso aberto</p>	<p>Dos documentos recollidos en Scopus, o 23% foron publicados en acceso aberto e acadaron o 26% das citas recibidas polos artigos publicados en 2017 segundo Scopus.</p>



Distribución temática das publicacións da UVigo en 2017 en WOS

Sabías que...?

A Área de Servizos Bibliométricos da Biblioteca Universitaria ten como función principal analizar as publicacións científicas do persoal da universidade e elaborar informes bibliométricos.

Ademais, xunto coa Sección de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación, da que forma parte, asesora ao persoal investigador en materia de publicación e avaliación.

Durante o ano 2018 a Área de Servizos Bibliométricos elaborou estudos sobre:

- publicacións da UVigo no contexto das universidades do Noroeste da Península Ibérica
- publicacións da UVigo en acceso aberto
- publicacións da UVigo en 2017 e a súa evolución durante os últimos dez anos.

Os tres estudos están dispoñibles na páxina da [Área de Bibliometría](#).

Evolución das publicacións da UVigo en WOS

